

NOME CIENTÍFICO

Citrus limon

Descrición:

Trátase dunha pequena árbore que soe acadar os catro metros de altura. As súas follas son perennes e, a miúdo, é espiñoso. Como todos os froiteiros, trátase dunha especie que ao longo dos séculos sufriu numerosos cruces co fin de aumentar a súa produtividade.



43

As súas flores, xunto coas do laranxeiro, se chaman flores de azar, e aparecen de forma solitaria.

Familia: Rutaceae

Orixe: Asia

Nome común: Limoeiro, provén do árabe “Laimú”



44



46



45

As súas follas son alternas, coriáceas (duras), co seu borde lixeiramente serrado e de cor verde mate.

O seu froito é o limón, que ten uns 7 centímetros de lonxitude e de cor amarela claro. A súa pel é grosso e posúe numerosas glándulas.

Citrus limon

Hábitat

Os cítricos, en xeral, son consideradas plantas tropicais ou subtropicais, cunha temperatura óptima de crecemento de uns 23°. Se ben, presentan certo grado de adaptación a outras condicións dependendo do individuo e do seu estado (saúde, idade...). En Galicia o seu cultivo está máis o menos restrinxido á zona sur.

Usos ou propiedades

O principal uso que ten na actualidade é como condimento de comidas, utilizando para iso o seu zume. Este zume contén unha grande cantidade de ácido cítrico (de aí o nome do xénero) que ten efectos bactericidas e unha grande cantidade de vitamina C. Isto fai que teña unha acción de desinfectante natural.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

O limoeiro é unha especie que xurdiu dun cruce de distintas variedades na rexión de Punjab, en Pakistán e dende aí chegou a Medina. Tratábase dunha especie descoñecida para os romanos e o seu cultivo foi introducido na península ibérica polos árabes en torno ao ano 1150.